

Informe Concellería de Participación Veciñal e Transparencia

Victoria Portas Mariño

Xullo 2019- Febreiro 2021

ÍNDICE

Introdución

1.-Orzamento

2.- Persoal

3.- Espazos de traballo

4.- Proxectos

5.- Valoración

Introdución

Dende a Concellería de Participación Veciñal e Transparencia desexo compartir con todas e todos a importancia que teñen as áreas de Participación Cidadá, Transparencia e Asociacionismo para o desenvolvemento da vila, e facervos coñecedores/as do traballo realizado nas mesmas mentres estiveron baixo a miña responsabilidade.

Na súa formulación, traballamos nas tres competencias clave parellas á condición da veciñanza:

- Dereito á información, ás suxestións, ás propostas, consultas e iniciativas;
- Dereito a ser escoitado/a polas persoas que formamos o goberno municipal;
- Dereito a intervir nos plenos municipais e noutros órganos territoriais.

O asociacionismo é a vertebración da sociedade civil, por iso, o Concello de Cangas cremos na potenciación e fortalecementodo noso tecido asociativo.

O noso obxectivo é facer medrar o número de asociacións, xerar dinámicas polas que as persoas participen nas actividades das asociacións, xerar recursos e compartir coñecementos para mellorar a calidade nas actividades.

A transparencia é unha ferramenta que nos proporciona chegar directamente á veciñanza, onde podemos ofrecer información completa, verdadeira e útil sobre a actividade da administración pública.

1.- Orzamento

O 22 de xullo do 2019 esta concelleira acepta a responsabilidade da área con un orzamento prorrogado do ano 2018, partida 924 por valor de 60.000 €.

No ano 2020, por mor da covid-19, e ante a imposibilidade de manter os centros sociocomunitarios e sociais abertos, tómase a decisión de trasladar 30.000 € do orzamento de Participación Veciñal para sufragar axudas de Emerxencia Social.

2.- Persoal

A área de Participación Veciñal, asociacionismo e transparencia carece de persoal do Concello designado a dita área.

3.- Espazos de traballo

3.1.- Rexistro Municipal de Asociacións.

O Rexistro actualizado das asociacións do Concello é moi importante tanto para as xestións municipais como para as distintas entidades, xa que unha base de datos actualizada axiliza os trámites para achegar co mínimo esforzo toda a información susceptible de interese das asociacións, tales como subvencións ou axudas promulgadas nas súas áreas ou espazos de actuación.

Así mesmo, o Concello facilita un espazo nas súas redes sociais para publicitar e divulgar tódalas actividades das asociacións rexistradas.

Máis info: <https://cangas.gal/gl/areas/participacion-vecinal-e-transparencia/rexistro-municipal-de-asociacions>

3.2.- Control e Xestión dos usos dos espazos municipais.

Iniciouse unha reorganización do uso dos espazos municipais, para que a maioría das asociacións puideran gozar de espazo para realizar as actividades propostas dende a súa entidade. E aínda que queda moito por facer xa que a veciñanza de Cangas é moi activa os espazos sociais son menores a demanda.

A tódalas asociacións do ámbito sanitario, que actúan no Concello, se lles designou un espazo acondicionado no Centro Sociocomunitario.

Procedeuse a asinar Convenios en Precario para que as asociacións veciñais asumisen a xestión e uso de espazos sociais.

Estableceuse un Protocolo Covid-19 para o uso das instalacións municipais onde se designou un "responsable covid" para cada unha das actividades e reunións que se realizaron en ditos espazos.

Máis info: <https://cangas.gal/gl/transparencia/protocolo-de-medidas-covid-19-para-o-uso-de-instalacions-municipais>

E xa se tiña borrador dunha ordeanza ou regulamento para o uso dos edificios municipais que quedará a disposición do Concelleiro actual si así desexa seguir traballando neste eido.

3.3.- Obras en algúns centros sociais.

- Reparación da fachada do Centro Sociocomunitario de Cangas.
- Creación dunha Aula de Conciliación no Centro Sociocomunitario.
- Arranxo de humidades na Casa da Garita en Nerga.



4.- Proxectos:

4.1.- Adaptación da Protección de Datos do Concello.

Os concellos, como calquera outra entidade pública, están obrigados ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

O Concello de Cangas carecía desta Protección ata que se implantou en Xaneiro do 2020.

A protección de datos é esencial no momento que vivimos, por iso, e durante 2 anos, o Concello ten contratado a Protección de datos e o asesoramento xurídico respecto da mesma,

principalmente a partir do uso de datos da veciñanza pola Covid-19 a RB Soluciones.




4.2.- WEB Municipal

Unha Web Municipal é moi importante para un Concello e a súa veciñanza, as súas funcións son varias pero entre as máis importantes poderíamos sinalar que:

- Pon a disposición da veciñanza os modelos, formularios e información sobre a tramitación administrativa.
- É unha canle de información dos servizos, actividades e programas que se levan a cabo desde o Concello.
- Supón unha ferramenta de participación veciñal, pois os concaves e concavesas poden usala para informar ao Concello de incidencias e suxestións.
- É unha pantalla informativa, pois na mesma poden consultarse todos aqueles datos que o Concello pon á disposición da veciñanza, no seu exercicio comprometido de transparencia.
- Mostra unha fiestra aberta ao municipio, unha ollada clara para todas aquelas persoas que nos van visitar, onde poden informarse das múltiples posibilidades que ofrece o noso concello, e a través da cal poden recoller información para organizar as visitas e actividades a realizar.

Ademais, esta nova web conta co servizo de accesibilidade universal para que calquera persoa poida consultala con comodidade.



4.3.- Vídeo-Acta do Salón de Plenos

O Concello de Cangas conta coa *Vídeo Acta* desde o 2020, unha ferramenta de transparencia que permite á veciñanza seguir en directo os Plenos, e poder acceder a éstos no momento que o desexen, xa que se gardan na web do concello.

Este servizo tamén está pensado para poder retransmitir actos importantes que se realicen no Salón de plenos e que poidan ser de interese para o pobo de Cangas.



Mais info: <http://videoacta.cangas.gal/>

4.4.-Dotación de material para persoas maiores.

- Proporcionóuselle a tódalas Asociacións de Xubiladas/os material de entretemento para incentivar neste colectivo a acción de reunión e vida social. Pois con pequenas cousas podemos loitar contra a perda de memoria e o illamento dos nosos maiores. Coiro, Aldán, Nerga e Cangas.

4.5.- APP do Concello

O Concello de Cangas puxo en marcha unha aplicación móbil gratuíta dispoñible tanto para iOS como Android, que facilita o acceso da veciñanza e turistas á información relevante do concello, como

actividades, e ao mesmo tempo, permite comunicar calquera incidencia que observen.

A súa finalidade é dar resposta á demanda de crear un produto que favoreza "a transparencia e accesibilidade directa ás veciñas e veciños, ao tempo que nos permite dar a coñecer o concello en tódolos seus puntos e axiliza a detección de incidencias que temos que solucionar".



4.6.- Adaptación do Portal de Transparencia

O Portal de Transparencia do Concello non se atopaba adaptado ao Índice de transparencia determinado para os concellos desde o 2017.

Actualmente existen 80 indicadores de control de transparencia agrupados nos seguintes grupos:

- Corporación Municipal
- Participación cidadá
- Económico-Financeira
- Contratacións, convenios , subvencións e costes dos servizos
- Urbanismo, obras públicas e medioambiente
- Dereito de acceso a información
- Normativa Municipal

A transparencia é unha ferramenta que nos proporciona chegar directamente á veciñanza, onde podemos ofrecer información completa, verdadeira e útil sobre a actividade da administración pública. Invitámosvos a consultar o noso portal de transparencia onde podedes consultar toda a documentación que desexedes coñecer.

4.7 Programas compartidos con outras áreas

Central de Compras:

Aprobáronse as bases da Central de Compras na XGL(Xunta de Goberno Local). Créase para os gastos do Concello inferiores as 40.000 en obras e de 15.000 en servizos, dunha forma transparente e dando a posibilidade a tódalas empresas do sector a poder optar a

diferentes vendas ou servizos, que se demanden dende o Concello, presentando as súas ofertas.

Programa de Boa Veciñanza:

Con Voluntariado e Sanidade para afrontar a achega de medicamentos e comida ás persoas maiores, vulnerables e/ou dependentes en épocas de confinamento, e para axudar as familias con covid-19. Servizo que segue funcionando e de seguro que chegou para quedar.




Programa

En
Asociacións de

#Pregúntalles:

colaboración coas
veciños para dar apoio ás
persoas maiores e dependentes que viven soas no noso concello.



5. Valoración

Xa que por mor da Covid-19 non se puideron levar a cabo actividades de asociacionismo propiamente ditas, centrámonos en conseguir achegar o Concello á nosa veciñanza e a nosa veciñanza ao Concello con ferramentas que fosen prácticas para o uso e así non sentirnos tan illados/as nun momento de moito traballo online e teletraballo e moi pouca mobilidade.

Aínda quedan moitos retos por diante e estou segura de que unha vez deamos por rematada esta Pandemia, as actividades sociais volverán ás nosas vidas.

Tódolos programas e accións das que se fala neste informe pódense atopalas na nosa web.